



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Decembro 2018

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Decembro 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,9% en Galicia en decembro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España mantense estable.
- Por produtos, as vendas rexistran un descenso do 2,6% en Alimentación e do 2,1% no Resto de produtos.
- En oito comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 1,1% no mes de decembro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España aumentan un 1,1%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,0% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en todas as comunidades autónomas.
- No conxunto do ano 2018, o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes crece un 0,6% en Galicia, dúas décimas menos que no conxunto de España (0,8%)
- A ocupación, no ano 2018, crece un 1,0% tanto en Galicia como en España.



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,9% en Galicia en decembro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España mantense estable.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 2,3% respecto a decembro de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 2,6% e resta 1,1 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación diminúen un 0,3%.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 2,1% e resta 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas diminúen o 0,1%.

No conxunto do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 0,6%, dúas décimas menos que en España (0,8%). Tanto as vendas en Alimentación como no Resto de produtos aumentan un 0,7% en Galicia. En España as vendas en Alimentación tamén aumentan un 0,7% e no Resto de produtos un 0,9%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

En oito comunidades autónomas aumentan as vendas en decembro. O maior incremento dáse en Illes Balears (1,4%), Andalucía (1,3%) e La Rioja (1,2%). Os maiores descensos rexístranse en Galicia (-1,9%), Aragón (-1,8%) e Asturias (-1,3%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro 2018

Taxas de variación en %



No ano 2018, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,3%), Cataluña (-0,2%) e Cantabria (0,0%). O maior incremento rexístrase en Aragón (2,3%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de decembro de 2018, un descenso do 1,1% en Galicia, mentres que en España aumenta un 1,1%.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 1,2% en Galicia e aumenta o 0,9% no conxunto de España. Desagregando por produtos, tanto a Alimentación como o Resto de produtos reducen as vendas en Galicia un 1,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 1,0% e no Resto de produtos un 0,8%.

## Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	127,7	-1,1	2,4
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	129,7	-1,2	1,8
<b>Alimentación</b>	124,6	-1,2	2,3
<b>Resto</b>	133,0	-1,2	1,4

O índice xeral crece, en media do ano, un 2,4% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto de España (2,7%).

As vendas en Alimentación aumentaron no ano 2018 un 2,3% en Galicia, unha décima menos que en España (2,4%). No Resto de produtos, as vendas aumentaron un 1,4% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (1,7%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,0% no mes de decembro tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

No ano 2018, a ocupación aumenta o mesmo en Galicia e no conxunto do Estado, 1,0%.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en decembro en todas as comunidades autónomas. As taxas de variación interanuais varían entre o 2,7% de Illes Balears e o 0,1% de Castilla - La Mancha.

Na media do ano, os maiores incrementos da ocupación rexístranse en Asturias (2,7%) e Illes Balears (2,4%). En senso contrario, a única comunidade onde diminúe o persoal ocupado é Castilla - La Mancha (-0,3%).

## Índice xeral de ocupación. Decembro 2018

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	127,7	-1,1	2,4	123,0	-1,9	0,6
Xeral sen estacións de servizo	129,7	-1,2	1,8	124,4	-2,3	0,7
Alimentación	124,6	-1,2	2,3	118,9	-2,6	0,7
Resto	133,0	-1,2	1,4	128,2	-2,1	0,7
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	127,8	1,1	2,7	123,3	0,0	0,8
Xeral sen estacións de servizo	129,8	0,9	2,0	125,0	-0,2	0,8
Alimentación	127,7	1,0	2,4	122,0	-0,3	0,7
Resto	131,4	0,8	1,7	127,3	-0,1	0,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	107,7	0,4	2,3	104,9	-0,6	0,5
Xeral sen estacións de servizo	107,1	0,0	1,7	104,6	-1,1	0,6
Alimentación	104,1	-0,2	2,2	99,4	-1,5	0,6
Resto	109,0	-0,1	1,3	108,9	-0,9	0,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	109,1	2,5	2,6	105,9	0,8	0,7
Xeral sen estacións de servizo	108,1	1,4	1,9	105,4	0,0	0,7
Alimentación	108,0	1,0	2,3	103,4	0,5	0,7
Resto	107,8	1,2	1,6	107,1	0,1	0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>127,8</b>	<b>1,1</b>	<b>2,7</b>	<b>123,3</b>	<b>0,0</b>	<b>0,8</b>
Andalucía	125,2	1,9	2,6	121,2	1,3	1,0
Aragón	126,8	-0,9	4,2	122,6	-1,8	2,3
Asturias	123,0	-0,2	2,3	118,5	-1,3	0,6
Balears, Illes	109,9	1,9	3,3	106,6	1,4	1,6
Canarias	138,1	0,8	2,5	133,0	-1,1	0,4
Cantabria	121,7	1,5	2,1	116,7	0,6	0,0
Castilla y León	123,2	0,5	1,7	118,9	-0,6	-0,3
Castilla-La Mancha	126,5	1,9	3,5	121,8	0,9	1,3
Cataluña	124,3	1,0	2,0	118,5	-0,4	-0,2
Comunitat Valenciana	123,7	0,7	1,9	120,5	0,0	0,2
Extremadura	117,4	0,5	2,3	114,2	-0,2	0,7
<b>GALICIA</b>	<b>127,7</b>	<b>-1,1</b>	<b>2,4</b>	<b>123,0</b>	<b>-1,9</b>	<b>0,6</b>
Madrid	143,2	1,8	3,7	138,3	0,4	1,7
Murcia, Región de	124,3	1,1	3,1	121,0	0,4	1,5
Navarra	123,2	1,6	3,8	119,0	0,6	1,8
País Vasco	126,5	0,2	3,0	122,1	-0,4	1,3
Rioja, La	129,7	2,2	3,6	124,8	1,2	1,8
Ceuta	113,5	0,3	0,1	110,1	-0,3	-0,8
Melilla	120,9	0,0	1,8	116,9	0,2	0,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	104,0	1,0	1,0
Xeral sen estacións de servizo	103,8	0,9	1,0
<b>España</b>			
Xeral	105,7	1,0	1,0
Xeral sen estacións de servizo	105,7	1,0	0,9

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Decembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>105,7</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>
Andalucía	103,1	0,7	0,1
Aragón	104,6	0,5	0,3
Asturias	107,1	1,5	2,7
Balears, Illes	106,7	2,7	2,4
Canarias	112,1	0,8	1,9
Cantabria	103,5	1,0	0,7
Castilla y León	104,1	0,7	0,6
Castilla-La Mancha	103,0	0,1	-0,3
Cataluña	105,3	1,4	0,5
Comunitat Valenciana	108,2	1,1	1,9
Extremadura	104,1	0,7	1,0
<b>GALICIA</b>	<b>104,0</b>	<b>1,0</b>	<b>1,0</b>
Madrid	107,1	0,8	1,6
Murcia	105,6	1,2	1,6
Navarra	104,7	1,4	0,6
País Vasco	104,9	1,1	0,5
Rioja, La	107,1	0,9	1,3
Ceuta	106,6	0,5	1,2
Melilla	106,1	1,9	1,6

Fonte: INE